

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario, no prazo de trinta (30) días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de xuño de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe da Sección de Reprodución Asistida e Fecundación In Vitro do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Procedemento de provisión: avaliación colexiada.

Nº de vacantes: 1.

Resolución do 22 de xuño de 2009, da Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión do posto de xefatura de persoal facultativo xefe da Sección de Radiodiagnóstico.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, do 22 de xullo (DOG número 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e na Orde do 24 de maio de 2006 (DOG número 106, do 5 de xuño), pola que se establecen as bases do procedemento para a provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 311/2009, do 28 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, e da Orde do 15 de xuño de 2009 sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde (DOG número 119 do 19 de xuño), a Xerencia do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo,

RESOLVE:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo procedemento de avaliación colexiada, o posto de traballo que se cita no anexo desta resolución.

Segundo.-As bases da citada convocatoria estarán expostas nos taboleiros de anuncios das oficinas de persoal do complexo hospitalario e na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es).

Terceiro.-As solicitudes e a documentación anexa que conteña a xustificación dos requisitos e méritos alegados deberán presentarse en calquera dos Rexistros do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, dirixidas ao xerente do complexo hospitalario, no prazo de trinta días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

Así mesmo, poderán presentarse a través de calquera dos rexistros previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 22 de xuño de 2009.

Francisco Soriano Paredes
Xerente do Complexo Hospitalario Universitario
de Vigo

ANEXO

Denominación do posto: xefe da Sección de Radiodiagnóstico do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo.

Procedemento de provisión: avaliación colexiada.

Número de vacantes: 1.

Anuncio do 1 de xuño de 2009, da Xerencia de Atención Primaria da Coruña, polo que se procede a dar publicidade á Resolución 2/2009 da mesma data, pola que se convoca a provisión dun posto vacante de xefe de servizo de Atención Primaria.

De conformidade co establecido no Decreto 206/2005, de 22 de xullo (DOG número 145, do 29 de xullo), de provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, Orde do 24 de maio de 2006 (DOG número 106, do 5 de xuño) pola cal se establecen as bases do procedemento para a provisión de postos de persoal de xestión e servizos e demais lexislación concordante, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 3 da dita orde e o artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006 (DOG número 99, do 25 de maio), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde,

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, un posto vacante de xefe de servizo de Atención Primaria.